

CUESTIONARIO FEDÓN TEXTO 1

1. ¿Cal é o asunto xeral que aborda esta pasaxe do *Fedón*?, ¿con que teoría filosófica de Platón está relacionada?, ¿que trata de explicar esta teoría en relación á alma?, ¿que sería saber ou coñecer?, ¿que sería o equivalente da ignorancia? Xustifica as respostas e aporta as citas necesarias.
2. Cando o diálogo platónico fala de *un tempo anterior*, ou de que *a nosa alma existira nalgún lugar antes de chegar a existir nesta forma humana*, ¿a que se está a referir?, ¿de que tempo e de que lugar se trata?, ¿que quere dicir *forma humana*? Argumenta as túas respostas e incorpora as citas precisas.
3. ¿Cales son as dúas maneiras en que poden aflorar os coñecementos agochados en nós?, ¿que papel xoga o filósofo en relación a unha destas dúas maneiras de recuperar os coñecementos?, ¿en que debe consistir o labor do filósofo? Xustifica as túas respostas e inclúe as citas oportunas.
4. ¿Consideras que na mente humana existen contidos, estruturas ou elementos innatos?, ¿cales serían?, ¿con que actividades mentais estarían relacionados? Razona a resposta.